

AS CORTES DE CÁDIZ

A ocupación francesa provocou que xurdisen as **Xuntas provinciais e locais** de defensa. O seu obxectivo era defenderse da invasión e encher o baleiro de poder. Estas funcións foron asumidas pola **Xunta Suprema Central** en 1808.

Posteriormente, o Consello de Rexencia convocou as Cortes en xuño de 1810. As Cortes, como órgano de representación do pobo español, reuníronse na cidade de Cádiz, que non estaba ocupada polas tropas francesas. Un dos labores máis importantes das Cortes de Cádiz foi a redacción dunha **Constitución**.

Acabada a guerra, as Cortes foron suprimidas por Fernando VII ao seu regreso ao trono, en maio de 1814. Ademais, derogábanse todas as reformas de Cádiz (Constitución e leis desenvolvidas nesta cidade).



Reunión das Cortes, en Cádiz.

A Constitución de Cádiz (1812)

A Constitución foi aprobada o 19 de marzo de 1812 e é coñecida como a Pepa, pois a súa firma coincidiu coa festividade de San Xosé. Aínda que non se chegou a aplicar, a Constitución establecía por primeira vez algúns puntos fundamentais:

- A proclamación da **soberanía nacional**, que limitaba o poder do monarca.
- A declaración de **dereitos e liberdades**, como o dereito á educación.
- A **división de poderes**: executivo, lexislativo e xudicial.
- O recoñecemento da **igualdade** de todos os cidadáns ante a lei.



Monumento conmemorativo da Constitución de 1812.



Unha volta polo mundo

Tomaches algunha vez tortilla francesa? Cres que ten algo que ver coa época que estamos a estudar? Durante o período da guerra da Independencia naceu a tortilla francesa, elaborada só con ovo. Sabendo que España pasaba entón por unha época de graves carencias, por que cres que xurdiu esta receita? Que diferenza existe entre a tortilla francesa e a española?



2. A Constitución de Cádiz recoñecía algúns dos principais dereitos e deberes. Utilizando a técnica de traballo cooperativo **Folío xiratorio**, elaborade a vosa propia constitución, con dez artigos que recollan os dereitos que consideredes fundamentais.



3. Confecciona un esquema cos principais contidos das Cortes de Cádiz.
4. Busca en Internet o texto da Constitución de Cádiz de 1812 e anota, como mínimo, tres artigos que che chamaron a atención.